

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 13.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 26708 (10/CPC-000041)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Universidades, por petición propia, para informar sobre a situación do Sistema Universitario de Galicia e o desenvolvemento do plan de excelencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 20072 (10/PNC-001634)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para a construción no ano 2018 dun novo CEIP en Vilalonga, no concello de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017
- 2.2 21167 (10/PNC-001740)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas abrigas adquiridas no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991, e ratificado no ano 2000, respecto da conservación do pazo de Lourizán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017
- 2.3 24073 (10/PNC-001902)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento da escola unitaria de Pedroso, no CRA de Narón, a aplicación dunha moratoria ao peche de centros de ensino e a prestación dos servizos necesarios no rural, nomeadamente os educativos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 06/03/2018 16:30:58

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26708(10/CPC-000041)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do secretario xeral de Universidades, por petición propia,
para informar sobre a situación do Sistema Universitario de
Galicia e o desenvolvemento do plan de excelencia

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018


22/02 2018 9:59 FAX 00981541211



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



0001/0001



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Universidades para informar sobre "a situación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e o desenvolvemento do Plan de Excelencia".

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 20072(10/PNC-001634)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para a construción no ano 2018 dun novo CEIP en Vilalonga, no concello de Sanxenxo

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.^a, relativa á construción dun novo CEIP en Vilalonga, Sanxenxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dun novo centro escolar en Vilalonga non é unha novidade, senón unha demanda unha e outra vez expresada pola cidadanía e por toda a comunidade educativa. Xa en 2015 relatában, dende o propio CEIP O Cruceiro, a necesidade imperiosa de construír un novo centro educativo. Falamos, de feito, dunha promesa incumprida polo Partido Popular dende hai case 10 anos. Porén os anos foron pasando e os cursos sucedéndose sen que chegara o novo centro escolar e co alumnado ateigando unhas instalacións envellecidas e cada vez máis deterioradas.

Neste tempo a veciñanza de Vilalonga viu como se melloraron outros centros na comarca e no municipio, mentres que as súas necesidades eran ignoradas. O proxecto de orzamentos de 2018 recupera unha partida para a escola, pero unha partida claramente insuficiente: 300.000 euros.

Por todo isto, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a asegurar unha partida orzamentaria suficiente para que a escola se constrúa no vindeiro ano 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2017 11:23
Nº Rexistro: 20072
Data envío: 10/11/2017 11:23:00.868



Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Perez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/11/2017 11:10:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/11/2017 11:10:30

Luis Villares Naveira na data 10/11/2017 11:10:41

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 21167(10/PNC-001740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas abrigas adquiridas no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991, e ratificado no ano 2000, respecto da conservación do pazo de Lourizán

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Na finca de Lourizán (dun valor botánico incalculable), hai un espectacular edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez e del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Ocorre que as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia, consonte o establecido na cláusula 3^a, apartado b), do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da finca de Lourizán, asinado o 21 de xaneiro de 2000, polo que se adaptou ás novas realidades orgánicas e funcionais da Xunta o anterior Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra, subscrito o 22 de xaneiro de 1991, polo que a Deputación cedera por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións.

Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable. E así consta na memoria técnica sobre as intervencións precisas para a súa conservación que foi elaborada polo Servizo de Arquitectura da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21167
Data envío: 05/12/2017 16:26:10.661



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Deputación de Pontevedra, que calcula un investimento de máis de 14 millóns de euros para a súa recuperación. Di o informe que a seguridade estrutural do edificio non está garantida en varias zonas, pois a galería está apuntalada, varios dinteis se atopan rotos e algunhas zonas teñen repisado en varias salas e corredores; que hai humidades, zonas invadidas pola vexetación e áreas colonizadas por algas, mofo e líquenes; que a parte da cuberta da cara sur do inmoible está comezando a se fundir con riscos para a seguridade eléctrica e con perigo de cortocircuitos; que as carpinterías interiores e exteriores están en moi mal estado e que non se dispón de ningunha vixilancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 -posteriormente ratificado no ano 2000- e relativas á conservación do Pazo de Lourizán, tal e como se indica na memoria elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra e coa fin de recuperar o esplendor do edificio.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 12:08:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21167
Data envío: 05/12/2017 16:26:10.661



 [Grupo Parlamentario](#)

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/12/2017 12:08:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2017 12:09:02

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 12:09:09

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 12:09:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2017 12:09:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 24073(10/PNC-001902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento da escola unitaria de Pedroso, no CRA de Narón, a aplicación dunha moratoria ao peche de centros de ensino e a prestación dos servizos necesarios no rural, nomeadamente os educativos

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 24073
Data envío: 24/01/2018 13:32:12.616

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o futuro da escola unitaria de Pedroso e as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir o seu mantemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CRA de Narón agrupa catro escolas rurais das que a Xunta de Galiza prevé pechar unha, a de Pedroso. O argumento do Goberno galego é que para o vindeiro curso académico non contarán con matrícula suficiente para garantir o seu mantemento malia que, en cursos posteriores, a realidade demográfica é ben distinta. De facto, para o curso 2019-2020 hai 9 crianzas nas parroquias que corresponden ao CRA (Pedroso e Doso) interesadas en se matricular.

Neste senso, as familias de Pedroso solicitaron á Consellaría de Educación que permita cursar o primeiro curso de Primaria nesta escola unitaria para garantir o seu mantemento, sexa de maneira temporal ou permanente, como acontece xa noutros Centros Rurais Agrupados do país.

Desde o BNG advertimos en múltiples ocasións das consecuencias sociais que carrega o peche de escolas nun país coma o noso atinxido por unha grave e profunda crise demográfica e despoboamento rural.

Desde as familias que compoñen o CRA de Narón levan semanas a recoller sinaturas coas que reclamar á Xunta que permita a implantación do primeiro curso de Primaria no CRA garantindo así o número mínimo de estudantes e impedir que o centro peche.

Realidades excepcionais, como a que atinxe Galiza, precisan medidas excepcionais. Neste senso, que a decisión de pechar ou non un centro de ensino sexa analizado polo miúdo tendo en conta as repercusións que suporá, non só no inmediato senón tamén no futuro, como reclama a Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Implantar o primeiro curso de Primaria na escola unitaria de Pedroso para garantir o mantemento do servizo no curso 2018/2019.

2. Aplicar unha moratoria ao peche de centros de ensino e abrir un espazo de diálogo coa Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural para abordar as medidas que serán precisas adoptar co obxectivo de garantir a prestación de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 24073

Data envío: 24/01/2018 13:32:12.616

servizos necesarios no rural, nomeadamente educativos, e os criterios que rexan a xestión dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2018 13:31:35

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2018 13:31:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2018 13:31:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 24073
Data envío: 24/01/2018 13:32:12.616

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2018 13:31:45

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2018 13:31:47

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2018 13:31:52